



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Dirección Financeira I		Código	650G01019
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Llano Monelos, Pablo de	Correo electrónico	pablo.de.llano@udc.es	
Profesorado	Llano Monelos, Pablo de Rodríguez Lopez, Manuel	Correo electrónico	pablo.de.llano@udc.es marod@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	A materia pretende forma-los coñecementos e desenvolve-las habilidades básicas precisas para comprende-la problemática financeira da empresa, iniciarse no estudio da teoría financeira e as Finanzas, e manexa-los modelos básicos de traballo. Preténdese que o alumno adquira un dominio das habilidades propias da valoración de inversións en condicións de certeza e incertidume, racionamento de capital, programación multiobxectivo, intanxibles, e modelos de valoración cualitativa.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Ningunha 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas, se ben as sesións presenciais poderían reemprazarse, total ou parcialmente, por sesións telemáticas *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha, aínda que se poderían introduci-las adaptacións imprescindibles para traslada-la actividade académica a un entorno telemático 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Titorías virtuais a través dos recursos das plataformas institucionais da UDC 4. Modificacións na avaliación Ningunha, aínda que se poderían introduci-las adaptacións imprescindibles para traslada-la actividade académica a un entorno telemático. En concreto, as probas de avaliación poderían desenvolverse por medios telemáticos. *Observacións de avaliación A evolución da situación sanitaria está fóra do control do equipo docente. Por ilo, cómpre dispoñer de equipamento para acceder a recursos electrónicos e afrontar una avaliación por medios electrónicos, dende o mesmo inicio do cuatrimestre. En caso necesario, debe consultarse á UDC a posibilidade de acceder a axudas para obtelo. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cándo, ónde novos desenvolvementos persoais son necesarios.
A2	CE2 - Auditar unha organización e deseñar planes de consulta (por exemplo lexislación impositiva, inversións, estudo de casos, proxecto de traballo).
A3	CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.



A4	CE4 - Comprender a estrutura de linguas estranxeiras e desenvolver un vocabulario, Comprender, ler, falar e escribir nunha lingua estranxeira.
A5	CE5 - Comprender a tecnoloxía nova e existente e o seu impacto para os novos/futuros mercados.
A7	CE7 - Comprender os principios da lei e vincularlos co coñecemento de negocios e xestión.
A8	CE8 - Comprender os principios da psicoloxía, identificar as implicacións para a organización empresarial.
A9	CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A10	CE10 - Comprender e utilizar sistemas contables e financeiros.
A11	CE11 - Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A12	CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A13	CE13 - Xestión dunha compañía a partir da planificación e control, utilizando conceptos, métodos e ferramentas.
A14	CE14 - Xestionar as operacións da empresa.
A15	CE15 - Xestionar os recursos financeiros.
A16	CE16 - Identificar aspectos relacionados e comprender o seu impacto na organización empresarial.
A17	CE17 - Identificar o impacto dos elementos micro e macroeconómicos na organización empresarial.
A18	CE18 - Identificar as características dunha organización.
A19	CE19 - Identificar novos desenvolvementos de organizacións empresariais para afrontar con éxito o entorno cambiante.
A20	CE20 - Identificar e operar o software adecuado. Deseñar e implementar sistemas de información.
A21	CE21 - Identificar e utilizar as ferramentas adecuadas de matemáticas e estatística.
A23	CE23 - Uso de instrumentos para a análise de entornos empresariais.
A24	CE24 - Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas.
B7	CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinariedade, transversalidade e integración nas súas materias.
B8	CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.
B9	CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.
B10	CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionais, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas.



B11	CG6 - Que os estudantes saiban identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.
B12	CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratéxica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.
B13	CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrontarse.
B14	CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Aprende-la problemática financeira da empresa	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A5	B4	C4
	A7	B5	C5
	A10	B6	C6
	A11	B7	C7
	A12	B8	C8
	A13	B9	
	A14	B10	
	A15	B11	
	A16	B12	
	A17	B13	
	A18	B14	
	A20		
	A21		
	A23		
	A24		



Comprende-la fundamentación da análise de proxectos de investimento.	A1	B1	C3
	A2	B2	C4
	A3	B3	C8
	A4	B4	
	A5	B5	
	A7	B6	
	A9	B7	
	A10	B8	
	A11	B9	
	A13	B10	
	A14	B11	
	A15	B12	
	A16	B13	
	A17		
	A18		
	A20		
	A21		
	A23		
	A24		
Saber avaliar un investimento non financeiro.	A1	B1	C3
	A2	B2	C4
	A3	B3	C8
	A5	B4	
	A8	B5	
	A10	B6	
	A11	B7	
	A13	B8	
	A14	B9	
	A15	B10	
	A18	B11	
	A20	B12	
	A21	B13	
	A23	B14	
	A24		
Saber desenvolver modelos e aplicar ferramentas informáticas.	A1	B1	C3
	A2	B2	C4
	A3	B3	C6
	A5	B4	C8
	A7	B5	
	A10	B6	
	A13	B7	
	A14	B8	
	A15	B9	
	A18	B10	
	A19	B11	
	A20	B12	
	A21	B13	
	A23	B14	
	A24		



Saber formular e defender un proxecto financeiro.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A5	B4	C4
	A10	B5	C5
	A13	B6	C6
	A14	B7	C7
	A15	B8	C8
	A18	B9	
	A20	B10	
	A21	B11	
		B12	
		B13	
		B14	

Contidos	
Temas	Subtemas
Introducción.	- Concepto de investimento na economía da empresa - O obxectivo financeiro desde a perspectiva da selección de investimentos e a súa integración coa problemática das decisións financeiras. - Fundamentos do modelo de selección.
Avaliación de proxectos individuais, en certeza.	- O valor actual neto. - Escenario a ter presente. - Concepto de investimento, clases de investimento. - Métodos non DCF e DCF. - O orzamento de caixa dun proxecto de investimento. - Modelos baseados no valor capital; o valor actual neto e os seus derivados. - O problema dunha única taxa en todo o horizonte temporal, e da reinversión dos FNC?s. - A taxa interna de rendemento. - Significado e determinación do seu valor mediante distintos métodos. - O problema das raíces múltiples e o seu significado financeiro. - Análise de sensibilidade da solución obtida. - Problemáticas especiais de valoración: factores cualitativos e intangibles. - Custos ocultos, intangibles, imponderables. - Como afectan a inflación e os impostos no VAN.



Avaliación de proxectos individuais, en risco.	- Modelos sinxelos de axuste. - Análise probabilístico: contorna aleatoria. Valor medio esperado. Indicador de elección. Hillier. - Teoría de xogos; Duelos contra a natureza. - Decisión baixo incerteza de previsión. Dominación. Maximin, minimax. Wald / Von Neumann. Laplace. Hurwickz. Savage. Máxima probabilidade de dominación. - Decisións baixo risco. - Decisións baixo desinformación.
Decisións de investimento con racionamento de capital.	- Introducción - Modelo iniciático: solución por saturación (L&S). - Xeneralizando a restrición financeira (W). - Superando o paradoxo: novo paradigma (B&Q). - Superando a falta de control (C).
Enfoques de decisión multicriterio.	- Modelos multicriterio cuantitativos. - Análise de envolvimiento de datos (DEA) Sensibilidade da solución obtida. - AHP Cambios nas prioridades. Vantaxes. Críticas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A23 A24 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	17	51	68
Solución de problemas	A1 A2 A4 A5 A7 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A20 A21 A24 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	22	22	44



Seminario	A10 A11 A13 A14 A15 A18 A20 A21 A24 C1 C3 C4 C6 C7 C8	2	6	8
Proba mixta	A10 A11 A13 A14 A15 A16 A18 A19 A20 A21 A23 A24 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	5	13	18
Prácticas a través de TIC	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A23 A24 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	6	8
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación dos aspectos básicos dos capítulos.
Solución de problemas	Traballo práctico baseado en exercicios, casos e/ou problemas, individuais ou en grupo
Seminario	Formaranse dous subgrupos por cada un dos grupos. Fixarase, fóra do horario de clases, unha titoría cunha duración de 4 horas repartidas ao longo do período lectivo para atender dúbidas sobre a solución de problemas ou sobre a preparación da materia, etc. Avisarase na clase con antelación sobre o lugar e a data en que se van celebrar.
Proba mixta	Controis de avaliación periódicos, de contido teórico e práctico.
Prácticas a través de TIC	Tarefas, análise de casos e/ou resolución de problemas diante do ordenador.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Solución de problemas	Atendendo ás instrucións recibidas da Facultade, as titorías desenvolveranse de xeito exclusivamente virtual e previa petición de cita por correo electrónico; son de aplicación os límites que sinala a normativa de dedicación docente do profesorado da UDC. Na medida en que a capacidade do equipo docente e os medios dispoñibles o permitan, tratarase de prestar atención persoalizada ós alumnos con dificultades xustificadas por cuarentena ou enfermidade, sen perxuízo dos dereitos e obrigas previstos na normativa académica canto ás datas e forma en que se han de desenvolver-las probas de avaliación. Os alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poden solicitar ou propoñer un horario de atención compatible coa súa dedicación, cando existan razóns obxectivas que lles impidan asistir no horario ordinario.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A10 A11 A13 A14 A15 A16 A18 A19 A20 A21 A23 A24 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Na primeira oportunidade, a avaliación obtense a partir dun conxunto de tarefas de avaliación continua de carácter mixto e contido teórico-práctico, a realizar como parte da actividade ordinaria do grupo. Descartarase a actividade con peor cualificación e o resto promediarase aplicando as ponderacións correspondentes. Os alumnos con dispensa de asistencia proporán durante a primeira semana lectiva do cuadrimestre un programa persoalizado para as súas tarefas, que debe respecta-lo ritmo de traballo do grupo e garanti-la igualdade; de non o facer, acomodarase ó programa xeral do grupo.	100

Observacións avaliación
Dacordo coas indicacións recibidas da Reitoría e da Facultade, a avaliación será continua e presencial; se as circunstancias non o permitir, adoptarase un modelo non presencial sobre as plataformas institucionais da UDC, mantendo na medida do posible a metodoloxía e as probas de avaliación que nese caso se realizasen ate o momento. Dispoñibilidade de recursos técnicos : se a situación sanitaria o aconsella, o equipo docente pode acordar que o traballo ordinario e as probas de avaliación se desenvolvan en soporte electrónico, incluíndo aquelas que se poidan realizar na aula. Os alumnos son responsables de dispor, dende o inicio de cuadrimestre, dos medios necesarios para acceder a recursos electrónicos e no seu caso realizar unha avaliación en formato electrónico. Se carecen deles, poden consultar á UDC a posibilidade de que lles sexan facilitados, nos termos do documento de ?Orientacións para a programación da actividade docente: curso 2020-2021 ? Cualificación de non presentado : corresponde ós alumnos que participen unicamente de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% na cualificación final, con independencia da cualificación acadada. Segunda oportunidade : os alumnos que non superen a materia na primeira oportunidade poderán facelo na segunda se obteñen al menos cinco puntos sumando o resultado dun exame final, valorado cun máximo de catro puntos, e a maior das seguintes: a cualificación da avaliación continuada previamente obtida, e a dun exame de recuperación valorado sobre un máximo de catro puntos. Oportunidade adiantada : avaliarase a partir dun exame sobre 10 puntos. Uso de dispositivos : durante as sesións presenciais non está permitido empregarlos móbiles, ordenadores, etc. a menos que esta xustificado pola actividade académica e, en calquera caso, exista autorización previa por parte dos profesores. Durante as probas de avaliación estes dispositivos deberán estar apagados e fóra da vista, a menos que o seu uso se autorize. O incumprimento destas normas interpretase como fraude, coas consecuencias académicas que se deriven.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Piñeiro, C., de Llano, P. (2012). Finanzas Empresariales. Teoría y Modelos con hoja de cálculo.. Andavira, Santiago - Piñeiro, C., de Llano, P. (2009). Principios y modelos de dirección financiera. Andavira, Santiago de Compostela - Piñeiro, C., de Llano, P. (2009). Dirección financiera un enfoque centrado en valor y riesgo. Delta Publicaciones, Madrid - Doldán, F.R. (2003). Métodos cuantitativos de selección de inversiones. Tórculo, Santiago - de Llano, P., Piñeiro, C. (2010). Elementos fundamentales de dirección financiera. Andavira, Santiago
Bibliografía complementaria	- de Llano, P., Piñeiro, C. (2003). Casos prácticos de gestión financiera. Tórculo Ediciones, Santiago de Compostela - Piñeiro, C., de Llano, P., Álvarez (2006). Dirección financiera modelos de decisión con Excel. Delta, Madrid - de Llano, P., Piñeiro, C. (2007). Modelos de gestión financiera. McGraw Hill, Madrid - Ross, Westerfield, Jordan (2010). Fundamentos de finanzas corporativas. McGraw Hill, Madrid - Doldán Tíe, F.R. (2001). Fundamentos de las decisiones financieras empresariales. Tórculo, Santiago - Fernández, A., Iglesias, S. (2000). Métodos cuantitativos de selección de inversiones. Casos prácticos.. Tórculo, Santiago



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía da Empresa: Función Financeira/650G01008

Análise de Estados Financeiros/650G01031

Aplicacións Informáticas para a Empresa/650G01035

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías